



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274

exp. 2020/G010/000001

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O 30 DE XANEIRO DO 2020.

Sesión 01/2020

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González D. Francisco Xosé Montouto Pérez D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D<sup>a</sup> María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D<sup>a</sup> María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b> D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa do Concello de Sada, sendo as 20.00 horas do día 30 de xaneiro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen da fe do acto, reúnen os srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS. 17 E 18/2019, DAS SESIÓNS DO 18 E DO 26.12.2019.**

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación ás actas núms. 17 e 18/2019, das sesións do 18 e do 26 de decembro.

Non habendo intervencións quedan aprobadas as actas das devanditas sesións, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Documento electrónico, asinado dixitalmente, do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



## 2º.- TOMA DE POSESIÓN DE NOVOS CONCELLEIROS.

Logo de prestar publicamente xuramento ou promesa en forma legal, toman posesión dos seus cargos os seguintes novos concelleiros:

- D. José Luis García Pazos (PP).
- D. Alberto Manuel García Cotelos (PP).
- D. Ramiro Blanco Montero (PSdeG-PSOE).

## 3º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO FRANCISCO XOSÉ MONTOUTO PÉREZ.

O sr. Montouto toma a palabra para despedirse e logo abandona o salón de plenos ás 20.09 horas.

A continuación interveñen as voceiras dos distintos grupos municipais para adicar os mellores desexos ao sr. Montouto.

Despídeo tamén o Presidente realzando a pegada que deixa o seu paso de representación na política local do municipio, facendo referencia a diversos exemplos e amosando o seu agradecemento.

A Corporación dáse por decataada.

## 4º.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020.

A sra. Taibo, concelleira delegada, entre outras, da área de Facenda explica o procedemento seguido no expediente, fai unha valoración xeral con respecto das alegacións presentadas, unha exposición sobre a proposta e solicita o apoio de todos os grupos da Corporación para aprobala.

A dita proposta foi previamente ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas e Facenda o pasado 23 de xaneiro como a continuación se indica:

<<.../

Primeiro.-Desestimar, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB005/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento 2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 28 de novembro de 2019:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (Rexistro de entrada 201999900001248 de data 24/12/2019)
- Juan E Méndez Leiva en nome propio e coma secretario xeral de la sección sindical de la Unión Sindical Obrera(Rexistro de entrada 201990000002805 de data 27/12/2019)
- Argimiro Casco Lago, veciño do concello no seu propio nome e coma secretario xeral de APSI(Rexistro de entrada 2201990000002810 de data 27/12/2019)

Segundo.-Aprobar definitivamente o orzamento xeral e cadro de persoal do Concello para o exercizo 2020 aprobado inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 28 de novembro.

Terceiro.-Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

Cuarto.-Publicar o orzamento, resumido por capítulos, xunto co cadro de persoal, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitir copia de aquel á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma, segundo dispoñe o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais>>.

A sra. Pardo expón que xa no seu momento explicaron os motivos que xustifican o voto do grupo municipal socialista, incidindo na falta de consenso; apóiase tamén en varios exemplos para xustificalo e anuncia que se han abster na votación.

A sra. García defende como construtivas as alegacións presentadas polo seu grupo e incide en especial nas que considera as dúas prioridades, as inundacións e certas accións importantes do Plan Xeral; logo de valorar negativamente a xestión do goberno local anuncia que se han abster.

Documento electrónico, asinado dixitalmente, do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 SM, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: 7 (5 PP, 2 PSOE).
- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Desestimar, con base nas motivacións contidas no informe da intervención municipal JPB005/2020, as reclamacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento 2020 acordada en sesión do Pleno da Corporación celebrada o pasado 28 de novembro de 2019:

- Grupo Municipal Partido Popular de Sada (Rexistro de entrada 201999900001248 de data 24/12/2019).
- Juan E Méndez Leiva en nome propio e coma secretario general de la sección sindical de la Unión Sindical Obrera(Rexistro de entrada 201990000002805 de data 27/12/2019).
- Argimiro Casco Lago, veciño do concello no seu propio nome e coma secretario general de APSI(Rexistro de entrada 2201990000002810 de data 27/12/2019).

Segundo.- Aprobar definitivamente o orzamento xeral e cadro de persoal do Concello para o exercizo 2020 aprobado inicialmente en sesión celebrada polo Pleno da Corporación o pasado 28 de novembro.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos interesados que presentaron reclamacións anexando o informe que motiva o mesmo.

Cuarto.- Publicar o orzamento, resumido por capítulos, xunto co cadro de persoal, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitir copia de aquel á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, segundo dispoñe o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

## **5º.- COMPATIBILIDADE PARA A ACTIVIDADE PRIVADA DUN EMPREGADO MUNICIPAL.**

O Presidente abre o punto preguntando se alguén quere dicir algo ao respecto.

A sra. Pardo indica que advertiu dun erro á secretaria na redación da votación do ditame da Comisión Informativa, pero que agás iso anuncia que o grupo municipal socialista vai votar a favor.

A sra. Salorio explica brevemente que sempre que os informes sexan favorables o seu grupo está a favor de que todos os que o soliciten poidan traballar, polo que tamén anuncia que han votar a favor.

A continuación procédese á votación do asunto, que se aproba por unanimidade dos membros presentes.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

1º.- Autorizar a compatibilidade solicitada polo empregado municipal D. Julio Sobrino Escolano, albanel, coa realización de traballos de condutor de autobús, para a empresa AUTOS VÁZQUEZ, en horario de tarde (de 16:00 a 20:00 horas), fóra da súa xornada laboral, indicando que se trata dunha actividade privada que non require a súa presenza efectiva durante un horario



igual ou superior á metade da súa xornada semanal ordinaria de traballo, e por entender que non se impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes como empregado público.

2º.- Notificar este acordo aos interesados e comunicar a presente autorización de compatibilidade ao Consello Superior da Función Pública, aos efectos do establecido na disposición adicional 3ª da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

## **6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**

### **A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 20 de decembro do 2019 (núm. 2494) ata o 25 de xaneiro de 2020 (núm. 145).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 20 de decembro do 2019 (número 2494) ata o 25 de xaneiro do 2020 (número 145), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

A continuación o Presidente comunica que logo de moitos anos conseguiuase que se reactivase o expediente para a declaración de ben de interese cultural (BIC) do edificio modernista La Terraza, amosando o seu agradecendo a toda a xente que participou no proceso e a súa esperanza en que tamén se poida desbloquear a situación da súa concesión.

A Corporación dáse por decatada.

### **B.- Mocións.**

#### **1ª.- Moción sobre o servizo de axuda no fogar (SAF).**

A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal socialista o 21/01/2020 (núm. rexistro 202099900000108), en que estase a suplir co orzamento municipal a falta dun necesario incremento na asignación dos recursos económicos por parte da Xunta de Galicia para o servizo de axuda no fogar.

Logo de se someter a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. Pardo procede a dar lectura á dita moción.

A sra. Nogareda (Alternativa dos Veciños) e a sra. Reimúndez (BNG) amósanse de acordo coa moción presentada.

A sra. Salorio anuncia o voto en contra do seu grupo sinalando como responsable do insuficiente financiamento á administración central.

A intervención da sra. Salorio é contrariada, tamén con datos que aporta o Presidente.

Logo de terse debatido o asunto, apróbbase por 11 votos a favor (5 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) 5 en contra (PP) e ningunha abstención o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á achega que fai a Deputación de A Coruña.

2.- Instar á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións



laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

## 2ª.- Moción sobre o servizo de pediatría.

A sra. Pardo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal socialista o 21/01/2020 (núm. rexistro 202099900000108), no desmantelamento en Galicia da atención sanitaria e da atención primaria dos cativos.

Logo de se someter a votación a urxencia da moción resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. Pardo procede a dar lectura á dita moción realizando in voche unhas correccións ao presentado por escrito, de maneira que se engade “instar á Xunta de Galicia”. O sr. Blanco (Alternativa dos Veciños) propón que se efectúe unha adición no punto 1 do acordo para garantir que os contratos sexan por un mínimo dun ano e para que se engada un último punto para instar á Xunta de Galicia a creación dunha agrupación permanente que garanta dous pediatras por centro como mínimo.

A sra. Salorio (PP) defende unha emenda ao texto proposto. O Presidente ofrece un acordo para aprobar a dita emenda cunha variación que non é aceptada.

Logo de terse debatido o asunto, procédese a votar. En primeiro lugar, vótase a proposta coa emenda proposta polo grupo municipal do PP, que é rexeitada por 5 votos a favor (PP), 11 en contra (5 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) e ningunha abstención.

Rematado o debate sométese a votación a moción coa adición proposta polo grupo municipal de Alternativa dos Veciños, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE ).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: 5 (PP).

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar á Xunta de Galicia a dotación da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, con contratos dun mínimo dun ano, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.

2.- Instar á Xunta de Galicia atrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.

3.- Instar á Xunta de Galicia desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.

4.- Instar á Xunta de Galicia acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar 2 de 3 Grupo Municipal Socialista de Sada GRUPO MUNICIPAL Laguna 5, baixo 15160 Sada dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

5.- Instar á Xunta de Galicia continuar coa implantación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.

6.- Instar á Xunta de Galicia a creación dunha agrupación permanente que garanta dous



pediatras por centro como mínimo.

### **3ª.- Moción para a modificación puntual do PXOM para calificar o antigo “Náutico” como equipamento público.**

A sra. García xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do PP o 29/01/2020 (núm. rexistro 202099900000160), con base no gasto que supón o derrubamento deste edificio público que é do patrimonio municipal e sen usar.

Procédese á votación da urxencia da moción resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. García procede a dar lectura á dita moción.

Intervén a sra. Nogueira anuncia que votarán en contra e aclara despois que estaban por amañar ou por derrubar o edificio, pero non por deixar que continuase na situación na que se atopa e que a decisión foi tomada en grupo logo dunha valoración.

Toma a palabra a sra. Reimúndez para expresar que iso forma parte do pacto de goberno, presenta os seus argumentos para votar en contra, aclara que a negociación e a cesión forman parte da maneira de gobernar nos gobernos de coalición.

A sra. Pardo entende que o edificio se podería adaptar á legalidade e destinar a diversos usos e anuncia que votarán a favor da moción.

A sra. García intervén defendendo a moción dicindo que Sada precisa de equipamento público e que o derrubamento é unha medida extrema que supón a destrución do patrimonio público.

O Presidente pola súa parte explica o carácter simbólico do derrubamento para a dignidade.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (5 PP e 2 PSOE ).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: 9 (5 SM, 2 BNG e 2 AV).

### **4ª.- Moción de apoio en defensa da sanidade pública galega.**

O sr. Blanco xustifica a urxencia desta moción, presentada polos grupos municipais de Sadamaioría, BNG e Alternativa dos Veciños o 29/01/2020 (núm. rexistro 649), porque o vindeiro 9 de febreiro vai haber unha manifestación en Santiago.

Procédese á votación da urxencia da moción resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

O sr. Blanco da lectura á dita moción.

A sra. Reimúndez manifesta que están de acordo coa moción. A sra. Pardo anuncia que o seu grupo tamén ha votar a favor.

A sra. Salorio defende a sanidade pública galega e o seu modelo asistencial aportando diversos datos.

O Presidente pola súa parte tamén pon exemplos do contrario e da precariedade en Sada.

Logo de terse debatido o asunto, procedese á votación do asunto, obténdose o seguinte





resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.
- Votos en contra: 5 (PP).

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesible e de calidade.
- 2.- Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da rede pública galega.
- 3.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.
- 4.- Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa manipulación das mesmas.
- 5.- Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.
- 6.- Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.
- 7.- Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.
- 8.- Comunicar a presente Moción da Corporación Municipal de Sada á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

**5ª.- Moción en defensa dos postos de traballo en Isidro 1952 – Isidro de la Cal.**

A sra. Rodríguez xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do BNG o 29/01/2020 (núm. rexistro 650), perante o anuncio dun ERE de máis de 140 despedimentos e en apoio dos traballadores, moitos pertencentes a Sada.

Procédese á votación da urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. Rodríguez da lectura á dita moción.

A sra. Nogareda anuncia que o seu grupo votará a favor.

Intervén a sra. Pardo e di que están a favor dos puntos 1 e 2 da moción pero explica que os puntos 3, 4 e 5 merecen outra redacción.

O sr. Tellado defende unha posición correcta da Xunta de Galicia.

A sra. Rodríguez pronúnciase a favor de aceptar a suxestión de emenda da sra. Pardo.

Logo de terse debatido o asunto, procedese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 5 (PP).



- Votos en contra: Non se produciron.

Resultando aprobado o seguinte **ACORDO**:

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1.- Aclarar e detallar a situación, cuantía, orixe e obxecto da totalidade das axudas públicas achegadas á empresa.
- 2.- Realizar un seguimento e control efectivo das axudas, subvencións e créditos efectivizados.
- 3.- Supervisar con acreedores, clientes actuais, pasados e potenciais así como posíbeis inversores.
- 4.- Velar os recursos públicos oportunos para garantir a pervivencia da actividade das factorías e o mantemento dos postos de traballo.
- 5.- Instar as accións xudiciais que de posíbeis negligencias tanto na xestión da propia empresa como das axudas públicas poidera derivarse.

**6ª.- Moción para a retirada das distincións nobiliarias concedidas aos herdeiros do ditador Francisco Franco.**

A sra. Reimúndez xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do BNG o 29/01/2020 (núm. rexistro 651), porque 45 anos despois do finamento do ditador o Pazo de Meirás aínda é da titularidade da súa familia.

Procédese á votación da urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A sra. Reimúndez procede a dar lectura á dita moción. A sra. Nogareda di que han votar favorablemente. A sra. Pardo tamén anuncia que o seu grupo votará a favor. A sra. Salorio entende que este asunto non se atopa entre as preocupacións dos sadenses; do que discrepa a sra. Reimúndez. O Presidente, antes de someter o asunto a votación, da unha explicación entendendo que si é un asunto importante para todos os veciños, de Sada e do Estado.

Logo de terse debatido o asunto, procedese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 5 (PP).
- Votos en contra: Non se produciron.

O Pleno da Corporación insta ao Alcalde a que se dirixa ao Presidente do Goberno e ao Xefe do Estado solicitando que se proceda a retirar os títulos nobiliarios de Señorío de Meirás a Francisco Franco Martínez-Bordiu neto do Ditador, e o título de Duquesa de Franco a Carmen Martínez-Bordiu Franco, neta do Ditador.

**C.- Rogos e preguntas.**

A sra. Pardo, logo de se referir a preguntas de Plenos pasados sen contestar (local e piscinas públicas), efectúa as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se se fixo algo para establecer criterios obxectivos no que atinxe á cesión do uso do local social de Soñeiro.





O Presidente fai unha breve descrición da situación e di que hai que propoñer unha alternativa para as asignacións.

2ª) Pregunta sobre o inicio das actividades dirixidas ao colectivo das persoas con diversidade funcional, o que se rogará na sesión do pleno ordinario de outubro (realizado o 7 de novembro).

A sra. Reimúndez, concelleira delegada da área de Benestar Social e Igualdade, indica que houbo un atraso administrativo pero que se traballou para que moitos destes usuarios puidesen participar de maneira inclusiva noutro tipo de actividades.

A sra. Pardo tamén fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se estude unha posible iluminación interior insuficiente na escola infantil municipal Galiña Azul.

2º) Roga, logo dunha exposición, que se axilicen os trámites ao máximo para o aboamento dos gastos pola defensa xurídica que tiveron que soportar as dúas concelleiras do grupo municipal socialista por unha denuncia inxusta presentada contra elas polo ex-concelleiro sr. Gómez que foi reiteradamente desestimada pola xustiza, que finalmente sentenciou a inocencia das dúas.

O sr. Tellado fai os seguintes rogos:

1º) Roga que se lle conteste á pregunta que fixo na sesión do 26 de decembro pasado en relación a cantos empregados municipais foran traballar nesa data.

2º) Roga que se informe aos grupos municipais sobre cantos empregados do Concello se atopan na situación de baixa ou de vacacións.

3º) Roga que se lles informe sobre cantos efectivos da Policía Local están de baixa e se aínda continúa Sada sen ter servizo de Policía polas noites.

O sr. Tellado pregunta polas imprecisións no prego de prescricións técnicas que xustificaron o 31/12/2019 a suspensión do prazo de presentación de proposicións con respecto do camiión de saneamento.

O sr. Fariña, concelleiro delegado do servizo de Obras e Servizos, di que se contestará por escrito.

A sra. García pregúntalle á sra. Nogareda, concelleira delegada da área de Educación e Deporte, cando se vai producir o aboamento do segundo prazo do transporte escolar do curso pasado.

A sra. Salorio roga que se lles faga entrega de diversa documentación que teñen solicitado reiteradamente:

1º) Copia do escrito presentado por Gervasio Carballo instando actuar contra da promotora O Meu Lar en relación cos edificios coa licenza anulada, do que se decataron pola prensa do 27/11/2019.

2º) Copia completa actualizada do expediente da execución dos títulos xudiciais 30/2015, con relación á execución subsidiaria da demolición do edificio do camiño do Fiunchedo, núm. 6.

A sra. Salorio formula as seguintes preguntas:

1ª) Logo de exhibir un plano que di que lles entregaron na Secretaría pregunta se é ese o plano correcto da rede de sumidoiros de pluviais das rúas de Venezuela e da Lagoa e se está actualizado e roga que de non ser así se faga un plano actualizado.



CONCELLO DE SADA

Edificio de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax: 981 621 274

exp. 2020/G010/000001

O Presidente aclara que o plano non está actualizado.

2ª) Pregunta tamén con relación ás alternativas para unha nova localización do Centro de Saúde que aparecen publicadas na prensa.

O sr. Alcalde aclara que a proposta é a que hai no Plan Xeral pero que tamén se expuxeron ao SERGAS outras de ser o caso de que non se aceptase a que en principio hai no Plan Xeral.

3ª) Pregunta con relación á saída do sr. Montouto se é o mesmo cesar ou renunciar que ser cesado, pois entenden que non é o mesmo.

O Presidente aclara que non vai contestar non por ser retóricas as preguntas, senón por non afondar na situación xa coñecida.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 35 minutos do día 30 de xaneiro do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder na ligazón [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).